

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

307 *Real decreto 704/2016, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 628/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan as peculiaridades do réxime de autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil.*

O Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, foi modificado recentemente polo Real decreto 1055/2015, do 20 de novembro, entre outros motivos, para incorporar as consideracións formuladas no ditame motivado do 26 de febreiro de 2015, dirixido ao Reino de España, no procedemento de infracción n.º 2014/2113, por non ter trasposto correctamente a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, sobre o permiso de condución.

En concreto, o citado ditame pronunciouse de xeito contrario á consideración do permiso BTP como unha clase de permiso de condución aínda que fose válido unicamente no noso territorio, como requisito necesario para conducir vehículos prioritarios cando circulen en servizo urxente, vehículos que realicen transporte escolar cando leven escolares e vehículos destinados ao transporte público de viaxeiros en servizo de tal natureza, motivo polo cal se optou pola súa supresión do Regulamento xeral de condutores.

Por coherencia e por razóns de seguridade xurídica, cómpre eliminar tamén esa clase de permiso BTP da normativa que regula os permisos de condución das Forzas Armadas e da Garda Civil.

Para estes efectos, modifícase o Real decreto 628/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan as peculiaridades do réxime de autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil, para suprimir, por unha banda, o número 3 do artigo 15 «Peculiaridades na condución de vehículos», onde se lles exige aos condutores de certos vehículos da Garda Civil e da Policía militar, naval e aérea das Forzas Armadas ser titulares dun permiso de condución da clase BTP.

E, por outra banda, para modificar a representación gráfica do reverso do permiso de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil que se recolle no anexo I do referido real decreto, co único obxectivo de eliminar dese modelo a ringleira correspondente á clase de permiso BTP.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de decembro de 2016,

DISPOÑO:
















Artigo único. *Modificación do Real decreto 628/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan as peculiaridades do réxime de autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil.*

Modifícase o Real decreto 628/2014, do 18 de xullo, polo que se regulan as peculiaridades do réxime de autorizacións para conducir vehículos pertencentes ás Forzas Armadas e á Garda Civil, do seguinte xeito:

Un. Queda sen contido o número 3 do artigo 15.

Dous. A representación gráfica da páxina 2 «-REVERSO- Para as Forzas Armadas e para a Garda Civil» do anexo I «Modelo do permiso de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil», queda do seguinte xeito:

**Páxina 2 -REVERSO-
Para as Forzas Armadas e para a Garda Civil**

	9	10	11	12
AM 				
A1 				
A2 				
A 				
B 				
C1 				
C 				
D1 				
D 				
BE 				
C1E 				
CE 				
D1E 				
DE 				
F 				

1. Emprego
2. Apelidos
3. Nome
4. Data de nacemento
5a. Válido desde
5b. Válido ata
5c. Autoridade expedidora
6. Número
9. Categorias
10. Válido desde
11. Válido ata
12. Mencións e restricións

Disposición transitoria única. *Validez dos permisos de condución.*

Os permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, expedidos conforme o modelo previsto con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, continuarán sendo válidos nas mesmas condicións que foron expedidos ata que finalice o seu período de vixencia.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de decembro de 2016.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN